



ENTREVISTAS #EQUIPO GALARIA

“Un dos retos para 2026 é o de seguir consolidando o noso servizo como unha ferramenta facilitadora e de referencia na planificación tecnolóxica dentro da organización sanitaria”



Cristina Enjamio

Xefa do Servizo de Consultoría

Nun ano de grandes proxectos, como o do Centro de Protonterapia ou o novo Hospital Montecelo, a responsable de Consultoría de Galaria incide na “necesidade de aliñar decisións técnicas, asistenciais, infraestruturais e de planificación desde fases moi temperás”. Asemade, destaca o enfoque “estratéxico” do departamento, que “contribúe a preparar o sistema sanitario para afrontar novos retos”.

Para comezar, sempre falamos do equipo de profesionais que configuran o teu departamento. Cantas persoas sodes e con que tipos de perfís?


Somos sete persoas no servizo, cunha composición maioritariamente técnica. As titulacións que o forman son Ciencias Físicas, Enxeñería Biomédica e Enxeñería de Telecomunicación. Trátase de perfís cunha formación altamente especializada, orientados ao desenvolvemento e execución das funcións técnicas do departamento. Ademais, contamos cun perfil administrativo, de carácter máis xeneralista, que presta soporte transversal ao conxunto do equipo.

Galaria está configurada por diversas unidades e servizos con clara vocación asistencial e Consultoría é máis transversal. Cales son as principais funcións que desenvolvedes?

A unidade de Consultoría ten un carácter claramente transversal, non só dentro de Galaria, senón tamén no ámbito da Consellería de Sanidade e do SERGAS. A nosa principal función é dar apoio técnico e estratéxico ás distintas unidades e servizos, tanto asistenciais como non asistenciais, contribuíndo á planificación, análise e desenvolvemento de proxectos.

Traballamos fundamentalmente en ámbitos como a avaliación tecnolóxica, a planificación e definición de infraestruturas e equipamentos sanitarios, o apoio na elaboración de pregos técnicos e estudos previos, a realización de informes técnicos, estratéxicos ou de viabilidade,





O equipo do Servizo de Consultoría de Galaria

así como no seguimento e análise de proxectos complexos. Ademais, colaboramos de maneira habitual con distintos órganos da Administración sanitaria en iniciativas que requiren un enfoque técnico especializado e unha visión global. O noso papel é actuar como un elemento de coordinación e coñecemento experto dentro da organización.

A andaina deste servizo comezou en 1997 cunha misión pioneira de centralizar o investimento en activos tecnolóxicos, un labor que centra tamén a vosa actividade actual. En que maneira se evolucionou neste aspecto?

É certo que a actividade inicial do servizo estivo moi orientada á centralización do investimento en activos tecnolóxicos, pero fíxose un gran esforzo na estandarización e ordenación da alta tecnoloxía sanitaria, co foco posto na racionalización da incorporación de equipamento complexo para evitar duplicidades ou ineficiencias. Ese foi un labor pioneiro no seu momento e segue sendo unha parte relevante da nosa actividade.

Co paso do tempo, ese enfoque foi evolucionando cara a unha visión máis ampla e estratéxica do investimento tecnolóxico. Hoxe non se trata só de centralizar para optimizar a adquisición, senón de planificar, avaliar e priorizar os investimentos con visión de futuro, adaptados á realidade do noso sistema sanitario, tendo en conta o ciclo de vida das tecnoloxías, a súa integración nos procesos asistenciais, a anticipación de necesidades, a capacidade de adaptación a escenarios cambiantes e tamén o seu impacto ambiental.

Tamén teñen moito peso os proxectos relacionados coa planificación estratéxica ou a compra pública de innovación mediante distintas fórmulas de contratación innovadora, coma a compra pública precomercial ou a asociación para a innovación. Cales centran a vosa actividade actualmente?

Na actualidade, a nosa actividade neste ámbito céntrase nunha participación selectiva pero estratéxica en proxectos de planificación e contratación innovadora. Estamos a colaborar, xunto con outros departamentos do SERGAS, en proxectos europeos de contratación innovadora, achegando soporte técnico e coñecemento especializado.

Un exemplo relevante é o traballo desenvolvido coa Fundación Galega de Medicina Xenómica, á que apoiamos na definición das súas necesidades futuras, tanto desde o punto de vista funcional como en relación coa súa estratexia de crecemento e expansión.

Este ano tamén colaboramos coa Consellería de Sanidade na avaliación de solucións estratéxicas orientadas á posta en marcha de novas actividades, analizando alternativas tecnolóxicas, organizativas e incluso económicas que permitan dar resposta a necesidades emerxentes do sistema. Trátase de actuacións concretas, pero cun claro enfoque estratéxico, que contribúen a preparar o sistema sanitario para afrontar novos retos.

En Galaria coordínanse grandes proxectos tamén, como o do Centro de Protonterapia ou o do equipamento do novo hospital Montecelo. Que destacarías destes grandes proxectos e como os acometedes desde Consultoría?

Trátase de proxectos de grande dimensión e alta complexidade, tanto polo volume de investimento como polo impacto asistencial e organizativo que teñen. No caso do Centro de Protonterapia ou do equipamento do novo hospital Montecelo, o máis relevante non é só a tecnoloxía en si, senón a necesidade de aliñar decisións técnicas, asistenciais, infraestruturais e de planificación desde fases moi temperás.

No caso concreto do Hospital Novo Montecelo, un aspecto clave é a coordinación entre a dotación tecnolóxica e a propia execución da obra, de maneira que os espazos, instalacións e infraestruturas se definan desde o inicio en función das necesidades e fluxos do equipamento que van albergar.

Desde Consultoría, ademais de apoiar a definición de necesidades e a análise de alternativas, ten un peso importante o seguimento e control dos proxectos ao longo das súas distintas fases. Isto complétase co apoio na preparación da documentación técnica, como pregos, informes técnicos e documentos de soporte, necesarios para a correcta tramitación e execución dos proxectos. Son procesos longos, con múltiples actores implicados e con marxes de erro reducidas, que requiren coordinación, rigor técnico e un seguimento continuo para garantir a coherencia das decisións adoptadas.

Cristina, destacas por ser unha gran coñecedora da compra pública innovadora e dos equipamentos tecnolóxicos nos centros asistenciais, e representas a Galaria en diversos foros sobre a materia. Que destacarías do labor que se está a facer en Galicia?





En Galicia destacaría que existe un coñecemento técnico asentado no propio sistema sanitario, sustentado nun equipo de profesionais con experiencia na ordenación e análise da dotación tecnolóxica. Ese coñecemento permite abordar as decisións sobre equipamento cun criterio técnico coherente e continuado no tempo.

O traballo que se realiza baséase en análise técnica, no manexo de datos e na comparación de solucións, mantendo unha actualización constante sobre os avances tecnolóxicos.

A incorporación de novas tecnoloxías non responde a modas nin á novidade, senón a unha avaliación fundamentada en información contrastada e na súa adecuación ás necesidades do sistema sanitario. Esta forma de traballar facilita a abordaxe de proxectos complexos e a participación en iniciativas de innovación desde unha perspectiva técnica e realista.

A sostibilidade debe ser un dos alicerces do funcionamento do noso sistema sanitario. Que destacarías do papel que xogamos na materia como referentes desde o Servizo Galego de Saúde?

Somos referente porque, no Servizo Galego de Saúde a sostibilidade non é algo anecdótico, senón que constitúe un criterio estrutural no funcionamento do Servizo Galego de Saúde, integrado nos procesos de planificación e na toma de decisións e xestión dos recursos.

Na práctica, isto reflíctese na planificación da dotación tecnolóxica, na atención á eficiencia enerxética das infraestruturas, na análise do ciclo de vida dos equipamentos e na racionalización do investimento. Neste proceso é clave o traballo cos provedores, incorporando criterios técnicos e ambientais desde as fases iniciais e favorecendo solucións

máis eficientes e sostibles.

A aplicación de criterios medioambientais na adquisición de tecnoloxía é xa unha realidade en Galicia, tendo en conta aspectos como o consumo enerxético, a durabilidade, o mantemento e a xestión ao final da vida útil. Neste punto, este ano comezamos a explorar alternativas para prolongar a vida útil dos equipos que xa non teñen uso asistencial a través dunha “segunda oportunidade” que permita empregalos para outros fins como formativos ou de investigación.

Cales son os retos que te marcas, agora que remata o ano, para 2026?

De cara a 2026, un reto clave é o de seguir consolidando o noso servizo como unha ferramenta facilitadora e de referencia na planificación tecnolóxica dentro da organización sanitaria, reforzando o seu papel no apoio á toma de decisións e na definición de necesidades a medio e longo prazo.

Outro obxectivo prioritario é levar a bo termo a dotación tecnolóxica do Novo Hospital Montecelo, garantindo a coherencia entre a planificación, a obra e a adquisición do equipamento.

Xunto a isto, continuaremos traballando na integración efectiva da adquisición sostible de tecnoloxía médica, aplicando criterios ambientais e de eficiencia de forma consistente nos procesos de contratación e no diálogo cos provedores.

Ademais, será importante manter o noso apoio a proxectos estratéxicos e de innovación, achegando análise técnica, criterio e acompañamento nos ámbitos nos que se requira unha visión transversal e especializada.

Por último, Cristina, que significa para ti pertencer ao equipo de Galaria?

Pertencer ao equipo de Galaria é unha oportunidade para traballar nun entorno técnico moi esixente, no que o criterio profesional e o coñecemento teñen un peso real. Permíteme estar en contacto con proxectos novidosos e tecnoloxicamente punteiros, e afrontalos desde unha posición independente e obxectiva, algo que valoro especialmente no meu ámbito profesional.

Tamén supón participar en proxectos complexos, con impacto directo no sistema sanitario, nun contexto que favorece a aprendizaxe continua e o intercambio de coñecemento, e no que sinto que o traballo técnico achega valor real.

Ademais, pertencer ao equipo de Galaria ten tamén un significado persoal importante, porque foi onde comecei a miña carreira profesional dentro do sistema sanitario. Volver a Galaria cunha maior madurez e experiencia profesional resulta moi enriquecedor, tanto polo tipo de proxectos nos que traballamos como pola posibilidade de afrontalos cunha visión máis ampla e consolidada.